

RESOLUCIÓN

ASUNTO: LISTAXE DEFINITIVA DE ADMITIDOS NO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, DUN PEÓN FORESTAL PARA O OBXECTO "LIMPEZA FORESTAL" NO CONCELLO DE CURTIS MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN, NOMEAMENTO DE TRIBUNAL CUALIFICADOR, LUGAR E DATA DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS.

EXPEDIENTE: 2021/G003/000603

Exp. Persoal: 2021/E001/000016

Javier Francisco Caínzos Vázquez, alcalde do Concello de Curtis, (A Coruña),

ANTECEDENTES

Vista a resolución da alcaldía núm. 583/2021 de data 14/09/21, pola cal apróbanse as bases do proceso selectivo para a selección dun peón forestal para o obxecto "limpeza forestal" no Concello de Curtis.

Vista a ampliación do prazo de presentación de solicitudes aprobada mediante resolución da alcaldía núm. 587/2021 de data 15/09/21.

Vistas as candidaturas remitidas pola Oficina de Emprego de Betanzos, logo da oportuna oferta remitida consonte o establecido na base terceira.

E vistas as solicitudes presentadas dentro de prazo establecido a tal efecto, as cales non presentan defecto algún que emendar.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local vixente, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar a listaxe definitiva de admitidos no proceso selectivo para a selección dun peón forestal para o obxecto "limpeza forestal" no Concello de Curtis mediante o sistema de oposición, ao non ter defectos que emendar, que figura coma anexo na presente resolución.

SEGUNDO.- Nomear aos seguintes membros do Tribunal Cualificador:

- Presidenta: Marta Roca Souto, responsable da oficina electrónica, persoal laboral fixo da administración local.

- Vogal: Luis García Vázquez, operario, persoal laboral fixo da administración local.

- Vogal: Antonia M^a Regueira Camaniel, auxiliar administrativa, persoal laboral fixo da administración local.

- Vogal: Jesús Sánchez García, operario persoal laboral fixo da administración local.

- Secretario: Óscar López Figueroa, administrativo funcionario de carreira da administración local.

TERCEIRO.- Convocar aos membros do Tribunal Cualificador e aos aspirantes para a celebración da fase de oposición o vindeiro venres 17/09/21 ás 11:00 horas nas oficinas municipais sitas en Curtis.

CUARTO.- Dar publicidade á presente resolución mediante anuncio no taboleiro de anuncios municipal e no taboleiro electrónico de anuncios da sede electrónica do Concello de Curtis, así coma na páxina

web (www.curtis.gal).

Documento asinado dixitalmente na data que figura na marxe.

O Alcalde

Javier Francisco Caínzos Vázquez

Dou fe, a Secretaria-interventora

Rosa María Buján Ordóñez

ANEXO

Listaxe definitiva de admitidos/as

DNI	Apelidos e Nome	CELGA
*925F	Barreiro Méndez, José Luis	NON
*845X	Estraviz Sánchez, Manuel	NON
*551X	Paredes Lage, Ángel Manuel	NON
*765P	Platas Villar, Rosa María	NON
*884B	Sánchez Arto, Casimiro	NON